



BOLETÍN RSU XULLO 2021

UNIVERSIDADE DE VIGO.

UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS



Imaxe do centro.

ÁBRESE O PRAZO PARA SOLICITAR UNHA DAS 41 PRAZAS DA ESCOLA INFANTIL DO CAMPUS

DUVI OURENSE 01/07/2021

A Escola Infantil Concepción Saiz Otero do campus de Ourense ten aberto o prazo para solicitar unha das súas 41 prazas que para o curso 2021/2022. Á [convocatoria](#) poden presentarse membros da comunidade universitaria, que terán preferencia na concesión e condicións vantaxosas, pero tamén residentes e traballadores da cidade que non teñan vinculación coa institución académica. As solicitudes, tanto de renovación como de adxudicación de nova praza, poderán presentarse ata o día 12 de xullo de 2021 a través da sede electrónica da Universidade de Vigo. [+info](#).



Daniel Rey, Marta Fernández Prieto, Laura Carballo e Jesús Vázquez Almuiña

XURISTAS INTERNACIONAIS DEBATEN EN VIGO OS PRINCIPAIS RETOS DA PESCA SOSTIBLE

D. BESADÍO DUVI 01/07/2021

O sector marítimo pesqueiro atópase en pleno proceso de transición cara un modelo moito máis sostible e, para conseguilo, debe transformarse nunha actividade máis sustentable, tanto desde o punto de vista medioambiental, como social –dereitos laborais- e, incluso, económico. Esta é a idea central sobre a que se está a debater este xoves e venres no Seminario internacional Os desafíos da pesca sostible, unha actividade organizada no marco do proxecto Jean Monnet *Une vision européenne des océans et des mers: pêche maritime et croissance durable*, que, tras dous anos de intenso traballo, está a piques de finalizar. [+info](#).



O grupo GeoTECH empregará un sistema de mapeo móbil (Open Lynx Mobile Mapper)

O GRUPO GEOTECH PARTICIPA NO DESEÑO DUN SISTEMA INTELIXENTE DE TRANSPORTE URBANO

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 02/07/2021

Diminuír o impacto ambiental e, polo tanto, facer máis sustentable a mobilidade urbana constitúe un dos grandes retos da sociedade actual e require do deseño de sistemas intelixentes de transporte como o que desenvolven investigadores das universidades de A Coruña, Vigo, Santiago de Compostela e Carlos III de Madrid no marco dun proxecto de investigación financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación. Seleccionado na convocatoria de proxectos de I+D+I Retos Investigación, o proxecto *MaGIST*. [+info](#).



José Luis Ríos, no centro, acompañado por dous dos bolseiros que o axudan no labor de reciclaxe e recuperación dos equipos

A PANDEMIA DISPARA NA UVIGO A RECICLAXE DE MATERIAL INFORMÁTICO

D. BESADÍO DUVI 06/07/2021

Ordenadores, monitores, impresoras, escáneres... Este curso disparouse na Universidade de Vigo a reciclaxe de material informático. “Non é algo novo, pero este ano foi diferente xa que ao estar os centros máis baleiros por causa da covid19 tivemos a oportunidade de facer estes procesos de reciclaxe a unha maior escala”, explica José Luis Ríos, técnico do SAUM (Servizo de Atención a Usuarios/as e Microcroinformática) para o ámbito Xurídico- Social e Humanidades, quen leva anos comprometido con este labor de reciclaxe informática. [+info](#).



O edificio Filomena Dato, onde está a Eido

AS UNIVERSIDADES GALEGAS UNIFICAN OS SEUS SISTEMAS DE MEDICIÓN DA CALIDADE NOS PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO

DUVI 07/07/2021

Hai case dous anos, a Escola Internacional de Doutoramento da UVigo, Eido, convertíase na primeira institución deste tipo de Galicia en certificar o deseño do seu propio sistema de garantía de calidade. Agora, a escola segue avanzando nesta senda para establecer uns criterios e estándares de calidade, en concreto nunha das liñas de acción do seu Plan de Mellora 2021/2022, que consiste en harmonizar as metodoloxías e modelos de medición da satisfacción entre as tres universidades do SUG. [+info](#).



A e os intérpretes de lingua de signos son un dos servizos máis demandados polas persoas usuarias do Piune

14 ANOS TRABALLANDO EN PROL DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO ALUMNADO

REBECA LÓPEZ VILLAR DUVI 08/07/2021

A Universidade de Vigo traballa activamente na inclusión das persoas que necesitan condicións especiais para o desenvolvemento dos seus estudos, así como na mellora da súa experiencia universitaria. Dentro das iniciativas postas en marcha pola UVigo neste sentido destaca o Programa de Integración de Universitarios/as con Necesidades Especiais (Piune), que este ano cumpre 14 de existencia, e no que cada curso se inscriben alumnas e alumnos dos tres campus para acadar a axuda técnica, material ou psicopedagóxica que precisan. [+info](#).

Xullo 2021.




Un actividade do Programa para Maiores celebrada este curso no campus de Ourense

O PROGRAMA PARA MAIORES ABRE O PRAZO DE PREINSCRIPCIÓN E PRESENTA UNHA NOVA ESTRUCTURA ACADÉMICA SIMILAR AOS GRAOS

DUVI 09/07/2021

O próximo curso traerá importantes cambios para o Programa para Maiores, que renova a súa estrutura e organización interna. Deste xeito, en lugar dos cinco anos que ata agora levaba completar a formación, serán seis, de modo que o Ciclo Intensivo pasará de tres a catro anos e o Integrado manterase en dous. Así o explica o director do programa, José Luís González Cespón, que recalca que se trata de que se pareza o máis posible aos graos, tanto na estrutura como na formación. Para iso, as horas de docencia pasarán tamén a contabilizarse en créditos ECTS, como o resto da formación regrada que se imparte na UVigo. [+info](#).



Alberto Amoedo e de Manuel González, xunto co director do OEGA, Xavier Simón

MÁIS DE 70 PERSOAS PARTICIPAN NUNHA XORNADA PARA ANALIZAR O IMPACTO AMBIENTAL E PATRIMONIAL DOS PARQUES EÓLICOS

DUVI 09/07/2021

O ‘boom’ dos parques eólicos en Galicia está a xerar múltiples inquedanzas entre as comunidades afectadas por estes proxectos, preocupades polos efectos sociais, económicos e ambientais destas explotacións. Para achegar un pouco de luz a esta situación, o Observatorio Eólico de Galicia, OEGA, entidade adscrita á Universidade de Vigo que conta co apoio das fundacións Juana de Vega e Isla Couto, programou para este mes de xullo unhas xornadas divulgativas con expertos do mundo do Dereito. [+info](#).



Traballo no laboratorio no marco do proxecto

UN PROXECTO ESTATAL BUSCA VALORIZAR ESPECIES INVASORAS COMO MATERIA PRIMA PARA ENERXÍA E BIOPRODUTOS

DUVI OURENSE 12/07/2021

O desenvolvemento e optimización dun proceso de biorrefinería multiproducto para a valorización integral de materias primas de carácter invasor (como os materiais lignocelulósicos de *Acacia dealbata* e a macroalga *Sargassum muticum*) mediante produción de bioetanol e lignina, empregando pretratamentos avanzados e respectuosos co medio ambiente. Este é o obxectivo do proxecto estatal Biososinv, desenvolvido desde a Facultade de Ciencias do campus de Ourense. [+info](#).

Xullo 2021.



Agustín Hernández e Manuel Reigosa foron os encargados de rubricar o acordo

O CES ENCÁRGALLE Á UVIGO UN INFORME SOBRE OS PRINCIPAIS RETOS QUE SUPÓN PARA GALICIA A DIXITALIZACIÓN

D. BESADÍO DUVI 12/07/2021

Teletraballo, videoconferencias, compras en liña, banca dixital, ocio virtual... A dixitalización é un dos principais retos aos que ten que enfrontarse a sociedade galega, un desafío que xa estaba presente e que a pandemia da covid-19 puxo máis que nunca no centro do debate. Conscientes desta realidade o Consello Económico e Social de Galicia acaba de encargarlle á Universidade de Vigo a realización dunha diagnose rigorosa sobre todo este proceso. [+info.](#)



Participantes no acto de sinatura deste convenio. Foto: Xunta de Galicia

A UVIGO SUMA O SEU COÑECEMENTO Á PARTICIPACIÓN DE GALICIA NA NOVA BAUHAUS EUROPEA

DUVI PONTEVEDRA 12/07/2021

A Universidade de Vigo é unha das entidades asinantes dun acordo marco de colaboración promovido pola Xunta de Galicia para a participación conxunta na convocatoria de proxectos europeos da [New European Bauhaus](#), unha iniciativa interdisciplinar impulsada pola Comisión Europea como un espazo de encontro que ten por obxecto deseñar novos xeitos de vivir a través da combinación de cultura, arte, ciencia, inclusión social e tecnoloxía. O Servizo Galego de Saúde é un dos 14 representantes españois recoñecidos como socios deste proxecto comunitario, no marco do que proxecta a creación de novos espazos sustentables na contorna dos centros sanitarios galegos


MÁIS DE 6500 BOLSAS DO ESTADO PARA ESTUDANTES DA UVIGO ESTE CURSO

Mª DEL CARMEN ECHEVARRÍA FIGUEROA DUVI 12/07/2021

Cunha reunión de traballo co reitor da Universidade de Vigo, Manuel Reigosa, o delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, rematou este luns a rolda de encontros cos responsables das universidades galegas, que iniciou na UDC e continuou a semana pasada na USC. Na xuntanza celebrada hoxe, Reigosa e Miñones faláron de plans de recuperación nos que está a traballar o executivo central, en especial no relativo da axudas e bolsas, tanto de investigación, como de formación. [+info.](#)



Un intre da reunión entre Reigosa e Miñones



Nesta revisión, os e as autoras discuten a relevancia do tempo de residencia como un indicador clave de variacións importantes no ciclo hidrolóxico presente e futuro

A RELEVANCIA DO TEMPO DE RESIDENCIA DO VAPOR DE AUGA NA ATMOSFERA PARA O ESTUDO DO EFECTO DO CAMBIO CLIMÁTICO NO CICLO HIDROLÓXICO GLOBAL

Hai catros anos no congreso internacional da European Geophysical Union que tivo lugar en Ourense, organizado polos docentes e investigadores do campus de Ourense Luis Gimeno e Raquel Nieto, e no que participaron practicamente todos e todas as científicas destacadas no transporte da humidade na atmosfera, evidenciouse a necesidade de traballar como prioridade no tempo de residencia do vapor de auga na atmosfera. [+info.](#)



Analiza os beneficios de manter o tratamento de drenaxe linfática en mulleres que padeceron cancro de mama

FISIOTERAPIA ESTUDA OS BENEFICIOS DUN TRATAMENTO A LONGO PRAZO EN PACIENTES MASTECTOMIZADAS

DUVI PONTEVEDRA 14/07/2021

Unha das problemáticas derivadas da realización dunha mastectomía ás mulleres afectadas por un cancro de mama é a aparición do linfedema, a inchazón do brazo afectado pola extracción dos ganglios linfáticos, que deriva nunha diminución de mobilidade, dor, sensación de pesadez ou falta de sensibilidade no membro afectado. Fronte a esta patoloxía, a realización dunha drenaxe linfática manual por parte das e os fisioterapeutas tense amosado como un tratamento eficaz á hora de reducir a acumulación de linfa que provoca esta inchazón e as problemáticas que desta derivan. [+info.](#)



O estudo analizou a competencia motriz obxectiva e percibida en adolescentes desde un enfoque de xénero. Imaxe de arquivo dunha actividade do Campus Ourense Rugby Club con rapaces e rapazas

O XÉNERO É UNHA VARIABLE QUE INCIDE NA COMPETENCIA MOTRIZ OBXECTIVA E PERCIBIDA NA ADOLESCENCIA

DUVI OURENSE 15/07/2021

“Existen diferenzas significativas por motivos de xénero na competencia motriz obxectiva e na percibida, aínda que os hábitos físico-deportivos se atopan nunha tendencia positiva cara á igualdade. En concreto, comprobouse que nos varóns a competencia obxectiva asóciase coa percibida mentres que nas mulleres esta relación non existe”. Esta é unha das conclusións dun estudo levado na Facultade de Educación e Tráballo Social do campus de Ourense e no que se analizou a competencia motriz obxectiva e percibida en adolescentes desde un enfoque de xénero. [+info.](#)



Imaxe: Helena Lopes (Unsplash)

A UVIGO FORMARÁ ESPECIALISTAS PARA FACILITARLLES A MOZAS E MOZOS TUTELADOS A SÚA EMANCIPACIÓN

DUVI OURENSE 21/07/2021

Entre as novidades da oferta formativa no campus de Ourense para o vindeiro curso académico está na Facultade de Educación e Traballo Social a posta en marcha do curso Especialista en Autonomía de Mozos e Mozas no Sistema de Protección. A iniciativa pretende facilitar ás e aos profesionais que traballan con mocidade tutelada os coñecementos e habilidades necesarios para que poidan deseñar estratexias socioeducativas eficaces e de calidade para acompañar a este colectivo no seu camiño de emancipación, que xeralmente comeza aos 18 anos. [+info](#).



Esta aplicación foi financiada pola Axencia de Turismo da Xunta de Galicia dentro do programa 'O Teu Xacobeo'

PICTOXACOBEO, A APP QUE FAI MÁIS ACCESIBLE O CAMIÑO DE SANTIAGO

D. BESADÍO DUVI 23/07/2021

Buscaban unha solución tecnolóxica capaz de mellorar a accesibilidade do Camiño de Santiago e o resultado é PictoXacobeo, unha aplicación para Android deseñada especificamente para facilitar a interacción dos peregrinos do Camiño de Santiago con necesidades comunicativas especiais (trastornos da fala, comprensión lectora e escritora, dificultades da linguaxe, etc.). [+info](#).



O proxecto conta cun orzamento de máis de 50.000 euros

O PROXECTO PASOS PROMOVERÁ A INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN MARIÑA RESPONSABLE A TRAVÉS DE ENTIDADES DE ECONOMÍA SOCIAL

DUVI 28/07/2021

Desenvolver un plan de acción para promover a investigación e innovación responsable no ámbito mariño a través de entidades de economía social. Con este obxectivo preséntase o proxecto PASOS, no que participan o Centro de Investigación Mariña (CIM) e Ecobas (Economics and Business Administration for Society) da Universidade de Vigo e a Fundación para la Pesca y el Marisqueo (Fundamar). A iniciativa está apoiada pola Rede Eusumo, rede impulsada pola Consellaría de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia e da que forman parte as entidades implicadas. [+info](#).



A UVIGO CREA UNHA LIÑA DE AXUDAS PARA FACILITAR O ACCESO DAS PERSOAS REFUXIADAS AOS ESTUDOS UNIVERSITARIOS

REBECA LÓPEZ VILLAR DUVI 30/07/2021

Só un 3% das persoas refuxiadas ten a posibilidade de acceder á educación superior, unha cifra que, segundo ACNUR, revela a situación de desvantaxe na que se atopa a poboación migrante. Tendo en conta que a educación supón unha grande oportunidade de integración para todas as persoas, a Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas (CRUE) declaraba no ano 2015 que as institucións universitarias “non poden permanecer indiferentes ante o drama dos refuxiados”. [+info.](#)



Imaxe de arquivo de Pont-Up Store

NOVE INICIATIVAS TECNOLÓXICAS E CREATIVAS NADAS NA PANDEMIA PARTICIPARÁN EN PONT-UP STORE 2021

DUVI PONTEVEDRA 30/07/2021

Despois de ter que adiar a súa sétima edición o ano pasado por mor da evolución da pandemia, [Pont-Up Store](#), evento de fomento da innovación e o emprendemento do noroeste peninsular, “xa quece motores para regresar con máis ilusión ca nunca e varias novidades durante os días 24 e 25 de setembro”, segundo indican os seus responsables. En total, nesta edición van participar 41 startups galegas: 36 serán empresas con stands e outras 5 empresas só desenvolverán actividades demostrativas na carpa. [+info.](#)

UNIVERSIDADE DE VIGO

Unidade de Análisis e Programas.

Edificio Filomena Dato.

Planta Baixa.

36310 Vigo (Pontevedra)

986.818.689 986.818.640